

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5028 *Lei 1/2009, do 25 de marzo, de reforma da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o rexistro civil, en materia de incapacitacións, cargos tutelares e administradores de patrimonios protexidos, e da Lei 41/2003, do 18 de novembro, sobre protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil da normativa tributaria con esta finalidade.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

Até o de agora as sentenzas de modificación da capacidade de obrar e a constitución de organismos tutelares e de representación son feitos que deben ser inscritos no rexistro civil. O rexistro civil é un rexistro de carácter xurídico cuxo fin é a constatación e publicidade dos feitos e actos xurídicos referidos ao estado civil das persoas. Aínda que a inscrición no rexistro civil ten carácter declarativo e non constitutivo, a súa utilidade é evidente xa que produce importantes efectos, que consisten na articulación dun medio de proba do estado civil rápido e simple e constitúe título de lexitimación do exercicio dos dereitos que resulta de cada condición ou estado civil concreto da persoa na forma que reflicten os propios asentos do rexistro (artigos 327 do Código civil e 2 da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o rexistro civil).

No entanto, convén advertir que a propia organización do rexistro civil dificulta a obtención de datos xerais sobre o número e alcance das incapacitacións que teñen lugar no noso país, xa que é moi difícil obter información sobre as persoas en que recae unha sentenza de modificación da capacidade de obrar, co conseguinte sometemento a tutela ou a curatela, se non se coñece previamente a identidade delas. Ademais, o principio competencial de territorialidade que rexe o rexistro civil ocasiona a dispersión dos asentos, polo que pode existir información relativa a un mesmo individuo en distintos rexistros civís municipais. Por isto, na actualidade, amplos sectores implicados na promoción e protección dos dereitos das persoas con discapacidade demandan a introdución das reformas legais necesarias co fin de que o rexistro civil poida actuar neste ámbito como un mecanismo fiable de publicidade que permita supervisar a efectiva aplicación da normativa relativa á incapacitación xudicial de persoas que non se poden gobernar por si mesmas, ben como facilitar a efectiva posta en práctica da figura do patrimonio protexido como mecanismo de protección patrimonial das persoas con discapacidade.

Ademais do anterior, a modificación que se leva a cabo da Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria, resolve certas dúbidas xeradas pola súa aplicación. Entre elas, destaca a mellora da comunicación da constitución do patrimonio protexido ao Ministerio Fiscal para os fins de control que se perseguen; a determinación do domicilio en función do cal se fixa a competencia do Ministerio Fiscal, que non debe ser o de outorgamento da escritura pública, senón o do domicilio do discapacitado. Tamén se dá cabida ás comunicacións telemáticas neste ámbito. E, finalmente, destaca a aclaración legal do concepto de acto de disposición de determinados bens integrados nos patrimonios protexidos, considerando a disparidade de criterios detectados na práctica.

Por outra parte, e coa finalidade de levar a cabo unha revisión en profundidade da actual regulación tributaria dos patrimonios protexidos, instase o Goberno para que, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, presente un proxecto de lei de mellora do tratamento fiscal destas institucións patrimoniais.

Co fin de alcanzar estes obxectivos e salvar eses e outros obstáculos derivados da actual regulación neste punto da lexislación sobre rexistro civil e do patrimonio protexidos das persoas con discapacidade, adóptase a presente lei, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o rexistro civil.*

Modifícanse os artigos 18, 38 e 39 da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o rexistro civil, á cal se engaden os artigos 46 bis e 46 ter.

Un. O artigo 18 queda redactado da forma seguinte:

«No rexistro central inscribíranse os feitos para cuxa inscrición non resulte competente ningún outro rexistro e aqueles que non se poidan inscribir por concorreren circunstancias excepcionais de guerra ou outra calquera que impida o funcionamento do rexistro correspondente.

Igualmente, levaranse no rexistro central os libros formados cos duplicados das inscricións consulares e das inscricións de nacemento practicadas nos rexistros municipais do domicilio conforme o disposto no número 5 do artigo 16.

Tamén se inscribirá no Rexistro Civil Central o falecemento das persoas de nacionalidade estranxeira ao servizo das Forzas Armadas e das Forzas de Seguraza españolas, sempre que o falecemento ocorrese durante unha misión ou operación fóra de España e que o sistema rexistral do Estado onde ocorreu o feito non practícase a pertinente inscrición, sen prexuízo de trasladar a inscrición realizada ao rexistro do Estado do cal fose nacional a persoa falecida.

Así mesmo, levaranse no rexistro central os libros formados cos duplicados das inscricións sobre modificacións xudiciais da capacidade de obrar, constitución e modificación de cargos tutelares, prórroga ou rehabilitación da patria potestade, medidas xudiciais sobre garda ou administración de presuntos incapaces ou menores non suxeitos á patria potestade, vixilancia ou control de tales cargos, e constitución de patrimonios protexidos e designación e modificación de administradores de patrimonios protexidos practicadas nos distintos rexistros municipais, baixo a denominación de «Libro de incapacitacións, cargos tutelares e administradores de patrimonios protexidos».

Dous. O artigo 38 queda redactado da forma seguinte:

«Por petición do Ministerio Fiscal ou de calquera interesado, anotarase, con valor simplemente informativo e con expresión das súas circunstancias:

1.º O procedemento xudicial ou gubernativo iniciado que poida afectar o contido do rexistro, incluídas as demandas relativas a procedementos de modificación da capacidade.

2.º O feito cuxa inscrición non se poida estender por non resultar nalgún dos seus aspectos legalmente probado.

3.º O feito relativo a españois ou acontecido en España que afecte o estado civil segundo a lei estranxeira.

4.º A sentenza ou resolución estranxeira que afecte tamén o estado civil, en canto non se obtiver o exequátur.

5.º A sentenza ou resolución canónica cuxa execución canto a efectos civís non fose decretada aínda polo tribunal correspondente.

6.º A existencia dun gardador de feito e das medidas xudiciais de control e vixilancia adoptadas respecto do menor ou presunto incapaz.

7.º E aqueloutros feitos cuxa anotación permita a lei ou o regulamento.

En ningún caso as anotacións constituirán a proba que proporciona a inscrición.»

Tres. O artigo 39 queda redactado na forma seguinte:

«Á marxe da inscrición de nacemento porase nota de referencia ás de matrimonio, tutela, representación e defunción do nacido. Nestas inscricións farase constar, pola súa vez, referencia á de nacemento. Iguais notas de referencia se farán constar respecto das inscricións da sección IV a que se refire o artigo 46 bis desta lei.»

Catro. Engádesse un novo artigo 46 bis coa seguinte redacción:

«Os encargados dos rexistros civís municipais expedirán por duplicado as inscricións marxinais da sección I sobre as modificacións xudiciais de capacidade, ben como as inscricións da sección IV sobre constitución e modificación de organismos tutelares, prórroga ou rehabilitación da patria potestade, medidas xudiciais sobre garda ou administración de presuntos incapaces ou menores non suxeitos á patria potestade, vixilancia ou control de tales cargos, documentos públicos de autotutela, e as de constitución de patrimonio protexido e de designación e modificación de administradores de patrimonios protexidos, un de cuxos exemplares será remitido ao Rexistro Civil Central para a súa inclusión no «Libro de incapacitacións, cargos tutelares e administradores de patrimonios protexidos».

As inscricións a que se refire o parágrafo precedente practicaranse en virtude de comunicación remitida de oficio, xunto con testemuño bastante da resolución ditada, polo xuíz competente, de conformidade co previsto pola Lei de axuízamento civil, ou ben mediante testemuño bastante da escritura de constitución do patrimonio protexido ou de designación e modificación de administradores de patrimonios protexidos que o xuíz ou o notario autorizante deberá remitir no prazo máximo de tres días ao encargado do rexistro civil competente, que o será, respecto das inscricións que se deban practicar na sección IV, o do domicilio do incapacitado ou beneficiario do patrimonio protexido.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 46 ter coa seguinte redacción:

«En todo caso o notario autorizante notificará ao rexistro civil onde constar inscrito o nacemento do outorgante as escrituras de mandato ou doutra relación ou situación xurídica de que derive a atribución de apoderamento a favor de calquera persoa para o caso de incapacidade do outorgante.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.*

Modifícanse os artigos 3.3, 5.2, 7.3 e 8 da Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.

Un. Engádesse ao artigo 3.3 un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Os notarios comunicarán inmediatamente a constitución e contido dun patrimonio protexido por eles autorizado ao fiscal da circunscrición correspondente ao domicilio da persoa con discapacidade, mediante sinatura electrónica avanzada. Igual remisión efectuarán das escrituras relativas ás achegas de toda clase que se realicen con posterioridade á súa constitución.

O fiscal que reciba a comunicación da constitución dun patrimonio protexido e non se considere competente para a súa fiscalización remitirao ao fiscal que designe o fiscal xeral do Estado, de acordo co seu estatuto orgánico.»

Dous. Engádesse ao artigo 5.2 un último parágrafo, coa seguinte redacción:

«En todo caso, e en consonancia coa finalidade propia dos patrimonios protexidos de satisfacción das necesidades vitais dos seus titulares, cos mesmos bens e dereitos nel integrados, ben como cos seus froitos, produtos e rendementos, non se considerarán actos de disposición o gasto de diñeiro e o consumo de bens funxibles integrados no patrimonio protexido, cando se fagan para atender as necesidades vitais da persoa beneficiaria.»

Tres. Modifícase o artigo 7.3, que pasa a ter a seguinte redacción:

«3. Como órgano externo de apoio, auxilio e asesoramento do Ministerio Fiscal no exercicio das funcións previstas neste artigo, créase a Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, adscrita ao Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, e na cal participarán, en todo caso, o Ministerio Fiscal e representantes da asociación de utilidade pública máis representativa no ámbito estatal dos diferentes tipos de discapacidade.

A composición, funcionamento e funcións desta comisión determinaranse regulamentariamente.»

Catro. Dáse nova redacción ao artigo 8, que queda redactado co seguinte teor:

«Artigo 8. *Constancia rexistral.*

1. A representación legal a que se refire o artigo 5.7 desta lei farase constar no rexistro civil, na forma determinada pola súa lei reguladora.

2. Cando o dominio dun ben inmovible ou dereito real sobre el se integre nun patrimonio protexido, farase constar esta calidade na inscrición que se practique a favor da persoa con discapacidade no rexistro da propiedade correspondente, conforme o previsto na lexislación hipotecaria. Se o ben ou dereito xa figuraba inscrito con anterioridade a favor da persoa con discapacidade, farase constar a súa adscrición ou incorporación ao patrimonio protexido por medio de nota marxinal.

A mesma constancia rexistral se practicará nos respectivos rexistros respecto dos restantes bens que teñan o carácter de rexistrables. Se se tratar de participacións en fondos de investimento ou institucións de investimento colectivo, accións ou participacións en sociedades mercantís que se integren nun patrimonio protexido, a súa nova a calidade será notificada polo notario autorizante ou polo xuíz á xestora dos bens ou á sociedade.

3. Cando un ben ou dereito deixe de formar parte dun patrimonio protexido, o que resulte ser o seu titular ou teña un interese lexítimo poderá exixir a cancelación das mencións ou notas marxinais a que se refire o número anterior.

4. A publicidade rexistral dos asentos a que se refire este precepto deberase realizar, nos termos que regulamentariamente se determinen, con pleno respecto aos dereitos da intimidade persoal e familiar e á normativa sobre protección de datos de carácter persoal.»

Disposición adicional única. *Lexitimación do Ministerio Fiscal e dos titores ou gardadores de feito para obteren información de organismos públicos en relación co exercicio da tutela ou garda de feito.*

1. O Ministerio Fiscal estará lexitimado para solicitar e obter a información xurídica e económica de relevancia patrimonial e contable que resulte de interese para poder fundamentar o seu criterio en relación co trámite de aprobación das contas anuais e da conta xeral xustificativa da administración que presente o titor ao se extinguir a tutela, ben como en calquera outro caso en que resulte necesario ou conveniente para permitir o cumprimento das medidas de vixilancia e control que se acordasen xudicialmente respecto do exercicio da tutela ou garda de feito.

2. Estarán obrigados a facilitar a información a que se refire o número anterior, con suxeición ás súas respectivas normas de procedemento, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, as facendas forais dos territorios históricos da Comunidade Autónoma do País

Vasco e a Comunidade Foral de Navarra, os centros ou organismos públicos de xestión tributaria das comunidades autónomas, os rexistradores da propiedade e mercantís, os notarios e calquera outro organismo público que por razón das súas funcións e competencias poida ter información da relevancia patrimonial ou contable a que se refire esta norma.

3. A persoa física ou xurídica, pública ou privada, que exerce a función tutelar ou, se for o caso, o gardador de feito estarán lexitimados para solicitaren e obteren dos organismos públicos a información xurídica e económica de relevancia patrimonial e contable que resulte de interese para o exercicio das súas funcións.

Disposición transitoria única. *Remisión ao Rexistro Civil Central de inscricións anteriores á entrada en vigor da lei.*

Os encargados dos rexistros civís municipais comunicarán ao Rexistro Civil Central para a súa inclusión no «Libro de incapacitacións, cargos tutelares e administradores de patrimonios protexidos» as inscricións previstas no artigo 46 bis da Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o rexistro civil, practicadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei e que sexan determinadas polo Ministerio de Xustiza, nos prazos e forma que se sinalen na orde ministerial correspondente.

Disposición derradeira primeira. *Reforma da lexislación reguladora dos procedementos de modificación da capacidade de obrar.*

O Goberno, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei de reforma da lexislación reguladora dos procedementos de incapacitación xudicial, que pasarán a denominarse procedementos de modificación da capacidade de obrar, para a súa adaptación ás previsións da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, adoptada polas Nacións Unidas o 13 de decembro de 2006.

Disposición derradeira segunda. *Mellora do réxime fiscal dos patrimonios protexidos.*

1. Co fin de favorecer a constitución e o mantemento de patrimonios protexidos en favor de persoas con discapacidade, o Goberno, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei de mellora do tratamento fiscal destas institucións patrimoniais.

2. Na elaboración dese proxecto de lei, o Goberno recollerá con carácter previo o parecer e as propostas da Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade e do Consello Nacional da Discapacidade.

Disposición derradeira terceira. *Modificacións e desenvolvementos regulamentarios.*

No prazo de seis meses, o Goberno levará a cabo as modificacións e desenvolvementos regulamentarios que sexan precisos para a aplicación desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Estatísticas do rexistro civil.*

O Goberno aprobará, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, un real decreto relativo ás estatísticas do rexistro civil, con obxecto de regular o tratamento estatístico máis completo posible respecto dos datos e informacións que figuren nas inscricións sobre modificacións xudiciais da capacidade de obrar, constitución e modificación de cargos tutelares, prórrogas e rehabilitacións da patria potestade, medidas xudiciais sobre garda ou administración, vixilancia ou control de tales cargos, documentos públicos de autotutela, e constitución de patrimonios protexidos, e designación e modificación de administradores de patrimonios protexidos practicadas nos distintos rexistros municipais.

Disposición derradeira quinta. *Coordinación de información sobre incapacitacións e patrimonios protexidos.*

O Ministerio de Xustiza determinará, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o procedemento e fases en que se deberá levar a cabo o intercambio e coordinación da información relativa a resolucións xudiciais de modificación da capacidade e constitución de patrimonios protexidos e designación dos seus representantes legais entre o Rexistro Civil Central e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, ben como a forma e prazos en que se procederá a intercambiar a información citada entre os citados organismos e o Consello Xeral do Notariado.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia que corresponde ao Estado en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 25 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO